



Concello de Paradela

Convocatoria en orde á selección de persoal laboral para ocupar, con carácter temporal, un (1) posto de Operario conductor do vehículo motobomba do Concello de Paradela, a xornada completa.

Lugar e prazo de presentación de solicitudes: no Rexistro Xeral do Concello de Paradela, en horario de 9:00 horas a 14:30 horas de luns a venres, ou por calquera dos medios previstos no art. 38 da Lei 30/92 de 26 de novembro. Cando as solicitudes se presenten fora do Rexistro do Concello, co fin de axilizar os trámites, deberán remitir unha comunicación por fax ao Concello (982541232) ou ao correo electrónico concello.paradela@eidolocal.es comunicando a presentación da solicitude, co selo de Correos ou do rexistro correspondente.

O prazo de presentación será de 4 días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela e na súa páxina web www.paradela.es. As bases íntegras, así como as sucesivas publicacións, terán lugar unicamente no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela e na súa páxina web (www.paradela.es).

Paradela, 22 de xullo de 2016

O Alcalde-Presidente

Documento asinado ao marxe electronicamente